



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

---

### **SESION PLENARIA SESION PLENARIA ORDINARIA**

#### **DIA VENRES 17 DE XANEIRO DE 2020**

No SALÓN PLENOS CONCELLO DE FRADES, cando son as 14:00 horas do día venres 17 de xaneiro de 2020, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnense os seguintes concelleiros:

Don Roberto Rey Martínez, D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Enrique Astray Otero, D<sup>a</sup>. José Luís Pereira Bao, D<sup>a</sup> Aurelio Garea Portos, D. Manuel Míguez Villaverde; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

#### **ORDE DO DÍA.**

##### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 17 de decembro de 2019.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade ACORDOU:

**ÚNICO.-** Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 17 de decembro de 2019.

##### **2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta dos decretos da Alcaldía, do exercicio 2019 (dende o Decreto número 196/2019 e do exercicio 2020 (dende o decreto nº 1/2020 ata o decreto nº 13/2020) que foran remitidos por correo electrónico aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno.

##### **3.- ASUNTO: DITAME APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO 2020 E CADRO DE PERSOAL.**

O Alcalde-Presidente procede a dar lectura a memoria explicativa do Proxecto de Orzamento Municipal 2020, tras a enmenda realizada sobre o mesmo, co teor literal seguinte:

**<<MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL 2020**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

Os orzamentos municipais deste Concello para o exercicio 2020 configúranse como a previsión de gastos e a estimación dos ingresos previstos para cubrir devanditos gastos.

Trátase duns orzamentos baseados na procura da eficiencia e a eficacia na xestión municipal. Ademais reflicten o compromiso coa estabilidade orzamentaria e coa sustentabilidade financeira e o límite de gasto non financeiro da administración local.

O obxectivo é que este Concello sexa unha administración ben xestionada e solvente, sen endebedamento e que se rexe polo equilibrio orzamentario.

Para iso, os orzamentos do exercicio 2020 caracterízanse por:

- 1.- Eficiencia
- 2.- Transparencia.
- 3.- Menor nivel de endebedamento, debido a que o endebedamento bancario é cero.
- 4.- Equilibrio nas contas e compromiso de pago a provedores.
- 5.- Estabilidade Orzamentaria.
- 6.- Cumprimento da Regra do gasto.
- 7.- Aumento dos gastos en ben correntes e servizos básicos e obrigatorios en tódolos Concellos.
- 8.- Incremento dos gastos en servizos sociais a través do incremento da partida de transferencias correntes á Mancomunidade.

Os Orzamentos para 2020 ascenden a 2.135.721,06 euros en ingresos, e a 2.135.721,06 euros en gastos, PRESENTASE NIVELADO, o que supón unha redución dun 8,56% en gastos e en ingresos con respecto aos Orzamentos do 2019, exercicio inmediatamente anterior, tal e como se amosa na seguinte táboa:

COMPARATIVA 2019-2020				
GASTOS				

EC	APLICACIÓNS GASTOS	Créditos Iniciais 2019	Créditos Iniciais 2020	TAXA VARIACIÓN
CAP 1	GASTOS DE PERSOAL	457.778,85	419.517,25	-8,36%



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraedesdiaruna.es

CAP 2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	977.285,44	900.191,39	-7,89%
CAP 3	GASTOS FINANCEIROS	1.500,00	5000,00	233,33%
CAP 4	TRANSF. CORRENTES	159.455,00	154.255,00	-3,26%
CAP 6	INVESTIMENTOS	732.104,65	619.929,58	-15,32%
CAP 7	TRANSF. DE CAPITAL	7.500,00	36.827,84	391,04%
<b>TOTAL</b>		<b>2.335.623,94</b>	<b>2.135.721,06</b>	<b>-8,56%</b>

**CAPÍTULO 1.** Con respecto ao **gasto de persoal** existe correlación entre os créditos do Capítulo I de Gastos de Persoal, incluídos no Orzamento que supoñen un 19,64% do Orzamento, e o Anexo de Persoal desta Entidade Local para este exercicio económico, sendo o seu importe global de 419.517,25 euros. Presenta unha diminución do 8,36% con respecto ao Orzamento do exercicio 2019, fundamentalmente pola redución da consignación da produtividade polo desempeño do posto de Tesourería, por contar cunha secretaria-interventora accidental cuxas retribucións non superan o 30%. No caso de que se incorporase da baixa por IT a titular do posto de secretaria-intervención, se resolvese ao seu favor recurso por expediente disciplinario, ou se contase cun nomeamento accidental que desempeñase ao 100% o posto de Tesourería, deberase realizar unha modificación orzamentaria para poder retribuír o desempeño desas funcións a maiores. Por outra banda, minórase as dotacións respecto ao complemento de destino do posto de secretaria-interventora, ao tratarse dun posto calificado no cadro de persoal co nivel 26, estando consignado nos orzamentos de 2019 con nivel 30 sen soporte documental que xustificase ese extremo.

Consignanse as indemnizacións fin de contrato dos traballadores a contratar a través dos Programas PEL 2019 e APROL RURAL 2019 e 2020, indemnizacións que non se financian pola Deputación e pola Xunta de Galicia.

A eventual prórroga en 2020 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 **non implica de facto que as retribucións do persoal do sector público vólvanse a incrementar tal e como anuncia o novo Goberno**, senón que **quedarían conxeladas nas contías vixentes en 2018 ata que non se pronuncie a dita Lei.**

**Recóllense as contías establecidas no Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, unha vez aplicado o incremento adicional do 0,25%, aprobado polo Goberno con data 21 de xuño de 2019.**

**CAPÍTULO 2.** O Capítulo 2 “Gastos en bens correntes e servizos” consígnase por importe de **900.191,39 €** e supón o **42,15%** do total do orzamento de gastos, e comprende contratos básicos de mantemento do alumeadado público, saneamento e abastecemento de augas, lixo... para dar cobertura a tódolos servizos municipais, e ás diferentes actividades culturais e deportivas promovidas polo Concello.



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

---

Diminúe un 7,89% con respecto ao Orzamento do 2019, fundamentalmente polas medidas de aforro enerxético levadas por este Concello, como contratación inferior de potencias de luz adaptadas ás verdadeiras necesidades municipais, e instalación de Alumeado Público con LEDS, derivado do contrato adxudicado definitivamente no Pleno de data 17.12.2019, CSUM 1.2019 “ Aforro e eficiencia enerxética no Alumeado Público”. Lotes 1 e 2, por importe de de 101.724,02 euros o Lote 1 e 86.492,61 euros, correspondendo en concepto de IVE (21%) 18.163,45 euros, o que fai un total de 104.656,06 euros el Lote 2, financiado pola subvención concedida ao abeiro do Real Decreto 616/2017, de de 16 de Xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, publicada no BOE nº 144 de 17 de xuño de 2017.

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes neste Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigacións exixibles á Corporación.

**CAPÍTULO 3.** Os **gastos financeiros** recolleitos neste Capítulo refírense ás consignacións de pagos de comisións bancarias por importe de 5000 euros. o cal supón un aumento do 233% con respecto ao Orzamento Municipal de 2019. Isto é pola necesidade de constituir un aval en garantía do anticipo a solicitar para os investimentos do IDAE, ademáis dunha eventual operación de tesourería, cuxa concertación, de ser necesario para a cobertura de desfases transitorios de liquidez, xeraría a necesidade de abonar os xuros bancarios.

Non se inclúen xuros devengados por operacións de endebedamento, debido a que a débeda bancaria deste Concello e cero.

**CAPÍTULO 4.** As **transferencias correntes** comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes. Os fins aos que están destinadas estas transferencias son culturais e sociais.

Consiñanse créditos no Capítulo 4 , por importe de **154.225,00 €** , o que supón o **7,22%** do total do orzamento de gastos. Redúcese un 3,26 % con respecto ao orzamento do exercicio 2019,

Inclúense neste Capítulo fundamentalmente as axudas de emerxencia social, as subvencións en concorrencia competitiva ás entidades sen ánimo de lucro, as subvencións nominativas, asignacións a grupos políticos, aportación á Mancomunidade, a aportación do Concello de Frades ao Obradoiro de Emprego (dotación como aportación ao Concello de Ordes)...

Con respecto á aportación á Mancomunidade, dicir que a través da mesma se presta o servizo de axuda no fogar en libre concorrencia e a dependentes.

**CAPÍTULO 6.** Consiñáronse no Estado de Gastos do Orzamento de 2020 **investimentos reais** por un importe de **619.929,58 euros**, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital e con recursos propios.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Os créditos orzamentarios para Investimentos Reais supoñen o **29,3%** do total do Orzamento. Desta forma, estes créditos experimentan unha redución do 15,32 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.

Órzase as aportacións municipais das subvencións que se repiten tódolos anos da Xunta de Galicia (Vicepresidencia, Turismo,), aportación municipal ao Fondo de Compensación Ambiental, así como a aportación municipal da subvención do Pavillón de Pontecarreira.

Con respecto ao Plan único, POS + 2020, entendemos que trata de dar autonomía aos Concellos, e ten como finalidade axilizar a burocracia administrativa, e potenciar a eficiencia na colaboración entre Administracións.

Ademáis este ano, non se solicita o PAI porque incumpriríamos a regra do gasto o que nos obrigaría á aprobación dun plan económico- financeiro.

ACHEGA PROVINCIAL 2019 \_\_\_\_\_ 42.791,44 euros

Obra “Accesos á Igrexa de Ledoira e a San Martiño”

APORTACIÓN DO CONCELLO \_\_\_\_\_ 0 euros

**TOTAL** \_\_\_\_\_ **42.791,44 euros**

Con respecto ao Plan Complementario (POS ADICIONAL) do 2020:

IMPORTE TOTAL (FINANCIAMENTO DEPUTACIÓN) \_\_\_\_\_ 203.216,52 EUROS

Obra “Camiño de AC-524 (Abellá) a Vilar de Arriba (Fraades) e outros.

Con respecto ao gasto corrente para o 2020, financiado por importe de 176.817,47 euros o desglose é o seguinte:

ALUMEADO PÚBLICO: 80.000,00 euros



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

LIXO: 47.699,46 euros, tendo en conta que serían 116.600,54 euros de gasto menos os 68.900,54 euros de ingresos en concepto de taxas.

ACCESO AOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN: 49.118,01 euros

TOTAL: 176.817,47 euros.

Tódolos investimentos e o seu financiamento figuran recollidos no Anexo de Investimentos 2020.

### INGRESOS

EC	APLICACIÓNS INGRESOS	Previsións iniciais 2019	Previsións iniciais 2020	TAXA VARIACIÓN
CAP 1	IMPOSTOS DIRECTOS	393.611,57	381.914,35	-2,97%
CAP 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	55.000,00	54.000,00	-1,82%
CAP 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	246.475,84	265.700,54	7,80%
CAP 4	TRANSF. CORRENTES	1.063.677,84	978.333,64	-8,02%
CAP 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00	500,00	0,00%
CAP 7	TRANSF. DE CAPITAL	576.358,69	455.272,53	-21,01%
<b>TOTAL</b>		<b>2.335.623,94</b>	<b>2.135.721,06</b>	<b>-8,56%</b>

**CAPÍTULO 1.** Os **impostos directos** comprenden o Imposto de Bens Inmóbles, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a:

- 30.065,79 euros por IBI RÚSTICA
- 184.555,72 euros por IBI URBANA
- 143.140,73 euros por IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
- 24.152,11 euros por IAE



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraidesdioruna.es

Faise a previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes, así como os datos do padrón de contribuíntes aprobado á data de hoxe, correspondente ao 2019 e as previsibles altas, operantes nas dependencias municipais, e o previsto e recadado no ano 2018 (datos da última liquidación do Orzamento aprobada).

Diminúe este capítulo un 2,97% en relación có ano 2019.

Con respecto ao IBI rústico, a diminución trae causa da aprobación das bonificacións do 95% da cota íntegra do IBI por declaración de especial interese ou utilidade municipal de inmobles nos que se desenrolen, total e exclusivamente, actividades agrarias, gandeiras pertencentes ao sector primario, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifican tal declaración,

Queremos ser prudentes e facer unha estimación real dos ingresos, o que non significa que, de ter maiores ingresos ao longo do exercicio, farase un expediente de modificación de crédito destinado a gasto que se estime necesario nese momento.

**CAPÍTULO 2.** Os ingresos que proveñen dos **impostos indirectos** e en concreto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras ascende a 54.000,00 euros representando un 3% do orzamento e supondo unha redución do 1,82% con respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior. Estímanse novas construcións no exercicio 2020 pola aprobación definitiva do PXOM que permite a construción de novas vivendas nos novos núcleos rurais delimitados, pola posta en marcha dun plan de mellora e activación das explotacións gandeiras, así como pola recuperación progresiva da economía e do sector da construción.

**CAPÍTULO 3.** Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de **taxas, prezos públicos e outros ingresos**, ascende a 265.700,54 euros, o que supón un aumento do 7,80 % respecto ao Orzamento Municipal do exercicio anterior.

O aumento realízase a pesares da redución aprobada para o exercicio 2020 na taxa de lixo, pola bonificación realizada na facturación de Sogama e repercutida no padrón de ingresos.

**CAPÍTULO 4.** Os ingresos previstos por transferencias correntes ascenden á contía de **978.333,64 €**, e representan un **45,80%** do Orzamento de Ingresos 2020.

### Desglósanse do seguinte xeito:

1. Participación en tributos Estado **485.340,24€**
2. Participación en tributos de la CCAA **194.069,30 €**
3. Subvencións da Xunta:  
Subvencións en materia de Convenios subscritos: **42.000,00 euros**



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

---

13.000,00	Prev. Incendios
29.000,00	Brigada Incendios

Outras transferencias incondicionais: 30.224,13 euros. Englóbanse as subvencións recibidas tódolos anos para Axente de Emprego Local, Xulgado de Paz e Conciliación.

4. Deputación:

Animador deportivo **9.600€**

Actividades culturais (rede cultural) **16.282,50€**

Socorrista **10.000,00 €**

**O POS+2020 para gasto corrente está destinado a financiar os gastos dos servizos básicos deste concello, desglosados anteriormente ao explicar os gastos.**

5. De empresas privadas: 14.000 euros. Aportación de ERIMSA.

**CAPÍTULO 5.** Os **ingresos patrimoniais** proveñen de xuros de depósitos, que ascenden a 500 euros e constitúen un 0,02% do orzamento municipal.

Isto suporá a mesma contía que a consignada no Orzamento do exercicio anterior.

**CAPÍTULO 7.** O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos calculouse en base ás subvencións solicitadas, as que se prevén concédanse, ou no seu caso concedidas polas Entidades Públicas e Privadas [órgano competente provincial, da Comunidade Autónoma e/ou Administración do Estado], ascendendo a 455.272,53 euros que constitúen un 21,31% do orzamento municipal.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2020, cuxo importe ascende a 2.135.721,06 euros, no Estado de Ingresos e á 2.135.721,06 euros no Estado de Ingresos, presentándose nivelado, acompañado desta Memoria.

**A continuación, o Concelleiro de Facenda, D. Manuel Ferreiro Marzoa procede a lectura do Ditame de aprobación inicial de orzamentos do exercicio económico 2020 e cadro de persoal coa enmenda proposta ao ditame co teor literal seguinte:**

**<<ENMENDA AO DITAME SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2020**





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdioruna.es

Vista a necesidade sobrevida de dotar o capítulo 3 de gastos denominado “gastos financeiros”, por importe de 5.000,00 euros, en lugar dos 500,00 euros previstos no proxecto de Orzamentos elevado á Comisión Informativa de Facenda e ditaminado do seguinte xeito:

<<Manuel Ferreiro Marzoa, Presidente da Comisión Informativa de Facenda, e Especial de Contas

En relación co expediente de aprobación do orzamento xeral, a Comisión informativa permanente especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o pasado día 10 de xaneiro de 2020, con catro votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e tres abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PSOE e BNG, ditaminou favorablemente a seguinte proposta do Presidente da Comisión de Contas e Concelleiro de Facenda, Don Manuel Ferreiro Marzoa, que a continuación se transcribe literalmente:

*“ (...) Visto o expediente completo para a aprobación do Orzamento do exercicio 2020 do Concello de Frades, iniciado pola Alcaldía- Presidencia, por esta Concellería de Facenda propónse que a Comisión Informativa Permanente Especial de Contas, ditamine favorablemente, e o Pleno Municipal posteriormente adopte o presente acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello de Frades para o exercicio de 2019 cuxo importe ascende a 2.135.721,06 euros, no Estado de Ingresos e á 2.135.721,06 euros no Estado de Gastos, presentándose nivelado, así coma toda a documentación e anexos a el incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:*

Estado de gastos 2020		
Cap. 1	Gastos de persoal	419.517,25
Cap. 2	Gastos de bens correntes e servizos	904.691,39
Cap. 3	Gastos financeiros	500,00
Cap. 4	Transferencias correntes	154.255,00
Cap. 6	Inversións reais	619.929,58
Cap. 7	Transferencias de capital	36.827,84
Cap. 8	Activos financeiros	
Cap. 9	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.135.721,06</b>

Estado de ingresos 2020		
Cap. 1	Impostos directos	381.914,35
Cap. 2	Impostos indirectos	54.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	265.700,54
Cap. 4	Transferencias correntes	978.333,64
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	500



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

<b>Cap. 6</b>	Alleamento de investimentos reais	
<b>Cap. 7</b>	Transferencias de capital	455.272,53
<b>Cap. 8</b>	Activos financeiros	
<b>Cap. 9</b>	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>2.135.721,06</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do orzamento municipal para o exercicio de 2020.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o cadro de persoal (plantilla), xunto co Anexo de persoal.

**CADRO DE PERSOAL.-**

**A) PERSOAL FUNCIONARIO:**

**Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes**

*Hab. Nac.-Secretaría-Intervención-Tesourería.-A1/26.-1.-0. Cobertura definitiva  
Admón. Xeral.-Alguacil-Porteiro.-E.-14.-1.-0. Cobertura definitiva*

**B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:**

**Prazas.-Denominación.-Xornada**

*1.-Animador deportivo.-completa.*

*1.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-completa.*

*3.-Conductor de tractor.-completa.*

*1.- Arquitecto.- completa*

*1.-Administrativo, Secretario do Xulgado de Paz.-completa*

*1.- Peón de obra pública.-completa*

**\*NOTA:** Non se inclúen os traballadores/as dos Plans de Emprego nin os traballadores/as en réxime de contratación temporal por períodos inferiores a un ano.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2020 con tódolos documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art.170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdioruna.es

*taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.*

**QUINTO.-** *O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.*

**SEXTO.-** *No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.*

**SÉTIMO.-** *Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.(...)”*

---

*Visto que a necesidade sobrevida responde á comunicación ao Concello de Frades da <<Resolución por la que se establece el procedimiento para la concesión de anticipos sobre las ayudas FEDER otorgadas en el marco de la convocatoria publicada mediante Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono>>, todo elo en relación á subvención outorgada polo IDAE, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (B.O.E. no 144, de 17 de xuño de 2017) modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (B.O.E. no 314, de 29 de decembro de 2018).*

Para poder optar pola concesión do anticipo por importe de 68.084,15 euros, necesarios para a liquidez deste Concello, en relación aos dous expedientes en tramitación:

Expediente con código FEDER-EELL-2018-000254: 34.525,71 €

Expediente con código FEDER-EELL-2018-000203: 33.558,44 €

O Concello de Frades deberá constituír un aval bancario tal e como se sinala a continuación:

<<La disposición final segunda “Anticipos” del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, modificado por el Real Decreto 1516/2018, de 28 de diciembre, establece que:

“El IDAE, en caso de disponer de dotación presupuestaria al efecto, podrá establecer, mediante resolución de su Dirección General que será publicada en la página web del Instituto, la posibilidad de dotar anticipos a los beneficiarios que así lo soliciten, siempre y cuando se cumplan las siguientes condiciones: dichos anticipos sean objeto de una garantía otorgada por un banco u otra entidad financiera que esté establecida en el Estado Español>>.

A constitución do dito aval xerará gastos bancarios (xuros) a imputar no capítulo 3 de gastos, por importe aproximado de 4.000,00/5.000,00 euros.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraadesdiaruna.es

### **PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A APROBACIÓN DA SEGUINTE ENMENDA:**

Aumentar o capítulo 3 de gastos do Proxecto de Orzamentos ata 5.000,00 (o que supón aumentar 4.500,00 euros aos 500 que xa estaban previstos), en concreto, a aplicación orzamentaria 011 31000.

Minorar o capítulo 2 de gastos polo mesmo importe, en concreto na aplicación orzamentaria 453.21000, que estímase reducible sen perturbación do servizo.

De tal forma que a contía global do Orzamento de Gastos non se ve afectada por esta enmenda, senón únicamente os capítulos 2 e 3 de gastos, quedando o resumo por capítulos do Orzamento 2020 do seguinte xeito:

<b>Estado de gastos 2020</b>		
<b>Cap. 1</b>	Gastos de persoal	419.517,25
<b>Cap. 2</b>	Gastos de bens correntes e servizos	900.191,39
<b>Cap. 3</b>	Gastos financeiros	5.000,00
<b>Cap. 4</b>	Transferencias correntes	154.255,00
<b>Cap. 6</b>	Inversións reais	619.929,58
<b>Cap. 7</b>	Transferencias de capital	36.827,84
<b>Cap. 8</b>	Activos financeiros	
<b>Cap. 9</b>	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.135.721,06</b>

<b>Estado de ingresos 2020</b>		
<b>Cap. 1</b>	Impostos directos	381.914,35
<b>Cap. 2</b>	Impostos indirectos	54.000,00
<b>Cap. 3</b>	Taxas e outros ingresos	265.700,54
<b>Cap. 4</b>	Transferencias correntes	978.333,64
<b>Cap. 5</b>	Ingresos patrimoniais	500
<b>Cap. 6</b>	Alleamento de investimentos reais	
<b>Cap. 7</b>	Transferencias de capital	455.272,53
<b>Cap. 8</b>	Activos financeiros	
<b>Cap. 9</b>	Pasivos financeiros	
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>2.135.721,06</b>



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

---

*O resto do contido do ditame manteríase na súa integridade, sendo unha enmenda parcial e non á totalidade do Orzamento.*

*A dita enmenda precisará do voto da maioría absoluta do Pleno da Corporación.>>*

O voceiro do BNG, D. Manuel Míguez Villaverde, reconece e agradece o esforzó do Alcalde e do Concelleiro de Facenda, así como a transparencia na súa actuación. A continuación, pregunta sobre a diminución do presuposto respecto ao do ano pasado.

O Alcalde respondelle que a diferenza se debe a que a estas alturas do ano descoñécese o importe ao cal ascenderán as axudas de inversión derivadas do POS ADICIONAL, polo que o presuposto incrementarase cando se saiban as cantidades. O ano pasado como se aprobou en marzo, estas cantidades xa eran coñecidas polo que xa se tiveron en conta na elaboración do presuposto, o que deriva que fose superior. Non obstante, insiste en que cando se adicionen as cantidades derivadas das axudas concedidas ao abeiro do POS ADICIONAL o presuposto incrementarase sendo similar ao do ano pasado.

O voceiro do BNG pon de manifestó que en lexislaturas anteriores criticouse que a Deputación non tivese en conta o número de camiños a efectos da concesión e axudas relativas ao POS e que existisen limitacións respecto ao concellos pequenos inferiores a 2.500 habitantes, sen embargo agora que se permite sacar diñeiro para gastos correntes, óptase por esta vía en vez de métego para arranxo de camiños.

O Alcalde respondelle que se saca o diñeiro do gasto corrente para poder solicitar subvencións, xa que se carece de capacidade económica e financeira para solicitalas sen acudir a esta vía, e facer as obras con recursos propios se suxección as bases de Deputación.

O voceiro do PSOE pregunta polo apartado de gastos en relación co posto de A1.

O Alcalde responde que se debe ao solo da Secretaria interventora, se ben modificase respecto ao ano pasado xa que pasase a un nivel 26 cando estaba no 30 e retírase o complemento de produtividade, existindo informes xurídicos que avalan esta actuación.

O voceiro do PSOE pregunta polas dúas partidas de alumeado que reflexa o presuposto.

O Alcalde sinala que son as referentes a edificios públicos, depuradora, potabilizadora, pero que responde ao mesmo principio.

O voceiro do PSOE pregunta pola partida relativa a promoción e fomento do deporte que ascende a 21.617 euros.

O Alcalde manifesta que se refiero ao soldo de Jose Lino Espiñeira Castro.

A continuación procédese ás Votacións do ditame e da enmenda ao ditame nos seus mesmos termos:

Votos a favor: 7

7 PP



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

3 PSOE

1 BNG

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

### 4.- ASUNTO: MOCIÓNS.

#### 1. MOCIÓN DO BNG PARA POÑER FREO A EMIGRACIÓN

O Voceiro do BNG procede a dar lectura da moción presentada co teor literal seguinte

##### **MOCIÓN PARA POÑER FREO Á EMIGRACIÓN**

O grupo municipal do BNG de Frades presenta para o seu debate en Pleno a seguinte moción para frear a emigración, moción presentada no Concello de Frades por Vía Galega, plataforma social da que fan parte unha mancha de asociacións e fundacións de ámbito galego.

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O BNG fai súa a moción presentada por Vía Galega, xustificada nos seguintes motivos:

A emigración é un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

Segundo datos do **Instituto Galego de Estatística**, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A mediados do século XIX a poboación de Galiza representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o **Pleno do Concello** adopta os seguintes acordos:

“

”



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraadesdioruna.es

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

-Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

-O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

O Alcalde resposta coa lectura do argumentario que ten o seguinte teor literal “É certo que nun contexto tan complexo como aquela Galicia rural do século XIX e principios do XX, a emigración abriuse paso na nosa terra como un camiño polo que transitar cara á procura dunha vida mellor, ata o punto de que Galicia se converteu na rexión española que máis emigrantes chegou ao intenso proceso migratorio español transoceánico.

Comparar a situación de Galicia de fai un século e medio coa actual é propio dun pensamento vetusto, o discurso esgotado das ideoloxías que queren impor como única solución os muros e as fronteiras e que non teñen oco nun mundo globalizado que trae novas formas de movementos dos seus cidadáns. Se a isto lle engadimos o emprego da información de forma enganosa e parcial, atopámonos que o BNG desempouou de novo os vellos e caducos argumentarios (nin os datos demográficos actualizados se molestan en introducir).

Nos anos aos que se fai referencia na moción (entre 2008 e 2017), o saldo migratorio co exterior que aporta o Instituto Galego de Estatística e que empregan é positivo en 45.031 persoas, e dicir, neste período Galicia recibiu máis persoas das que saíron. En concreto, se comparamos os datos de emigración externa que se recollen na moción nas franxas de 16 a 54 anos coas entradas do exterior, o dato é positivo en 16.828 persoas. O mesmo se podería dicir entre as franxas de idade de 16 e 34 anos no que o saldo é positivo en 9.848 persoas.

Se facemos referencia ao saldo do último ano, o fluxo migratorio de Galicia foi positivo en máis de 13.000 persoas.

Este retorno é o gran activo que na actualidade se converte nun dos alicerces fundamentais sobre os que afrontar o reto demográfico que sofre a vella Europa: os miles de galegos de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da nosa comunidade, pero que conservan un forte vínculo coa terra que viu partir os seus



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraedes.dicoruna.es

*país e avós. O retorno é unha oportunidade de xustiza para miles de galegos, pero é tamén unha solución eficiente e pragmática para afrontar este gran desafío demográfico. Non en balde, se atendemos só ás cifras do último ano, o regreso de galegos á comunidade medrou por quinto ano consecutivo, permitindo diminuír o balance negativo entre nacementos e falecementos rexistrados.*

*Se nos referimos aos datos do “Padrón de Españoles Residentes en el Extranjero (PERE)” a inicios de 2019, aporta dous datos especialmente significativos e positivos:*

*Redúcese o número de emigrantes (galegos nados en Galicia residentes no exterior), o que implica que Galicia está a dar oportunidades para o seu retorno. Baixou en 2.549, pasando de 154.312 a 151.763.*

*Aumenta o número total de galegos no exterior, principalmente nados no estranxeiro pero con interese por conservar a cidadanía española e os vínculos con Galicia, o que supón unha importante oportunidade demográfica para Galicia. Incrementouse en 3.157, de 516.489 a 519.646.*

*Como acabamos de demostrar, o BNG so aporta parte da información demográfica que nos facilita o IGE, polo que minte, e faino de forma perversa, para mostrar unha imaxe que nada ten que ver coa actualidade e a realidade do noso país e que sen dúbida sería o resultado de aplicar as políticas de muros as que se reduce a súa ideoloxía radical ao igual que a da plataforma social a que dan voz, Vía Galega.*

### CREACIÓN DE EMPREGO

*O compromiso da Xunta de Galicia polo emprego de calidade é firme e decidido. A Xunta está facendo unha aposta clara pola incorporación das novas tecnoloxías, a captación de talento e unha formación adaptada ás necesidades do tecido empresarial para contar cunha Galicia máis preparada, máis innovadora e máis competitiva.*

*Galicia debe contar cun tecido empresarial cada vez máis forte que se anticipe aos cambios do novo modelo industrial e favorecer o talento.*

*A Administración autonómica, para iso, ten en marcha diferentes programas de apoio ao emprendemento, así como a Lei de implantación empresarial e iniciativas encamiñadas a consolidar a Galicia como un territorio atractivo para investir, o que repercutirá na creación de emprego.*

*A Comunidade galega está executando nestes momentos máis de 2.000M€ de investimentos no sector industrial (PSA, Benteler, Finsa, Televés, Albo ou Estrella Galicia, entre outros); e acabamos de presentar a nova Axenda Industria 4.0 coa que prevé mobilizar 900M€ e crear 500 empregos industriais nos próximos catro anos (ata 2022).*

*Galicia medra e faino sobre todo da man da súa industria: é o sector onde máis aumentou a ocupación no último ano (+4,7%) (A agricultura e a pesca é o segundo sector onde máis crece a ocupación: +4,5%; seguido dos servizos: +1,8%. Na construción, en cambio, baixa a ocupación nun -2,5%).*

*A máis industria, máis emprego de calidade. Por iso, a Xunta seguirá traballando na mesma liña para incrementar as oportunidades laborais dos galegos e galegas a través de programas como:*

*as Unidades Formativas na Empresa;*





## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

---

os **obradoiros** e os **programas integrados de emprego**;

iniciativas destinadas a incentivar a formación e a contratación, como é o **Galicia Emprega**, que con **9,4M€** apoia o traballo dos colectivos con máis dificultades para atopar un emprego: mulleres, persoas con capacidades diferentes e en risco de exclusión social, mozos e mozas, e parados de longa duración;

e estamos destinando preto de **65M€ para mellorar a cualificación de case 16.800 persoas desempregadas a través de 100 cursos** que se levarán a cabo entre 2019 e 2020.

### IGUALDADE

Dende o PP somos conscientes de que é preciso seguir introducindo melloras e concienciando á sociedade da importancia da igualdade.

Por iso, dende a Xunta impúlsase a igualdade con medidas obxectivas e non so con pancartas. E por iso estase traballando de xeito transversal a través de:

- A Comisión Interdepartamental de Igualdade (desde 2013)
- A Comisión Asesora de Publicidade non sexista (desde 2014)
- Consello Galego das Mulleres (desde 2014)
- Observatorio galego contra a Violencia de xénero (desde 2014)
- VII Plan de Igualdade de oportunidades 2017-2020
- Ou o Plan Galego de Conciliación E Corresponsabilidade 2018-2021

Ademais, este debe ser un traballo transversal porque a igualdade nos ocupa a todos e en todos os ámbitos. Así, a Xunta traballa, por exemplo:

na educación dos máis novos: Plan de Educación, materia de libre configuración de igualdade,...

na colaboración cos concellos: Orde de axudas, Rede locais de entidades contra a violencia de xénero,...

no apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero: Axudas directas: 228 en 2009; 683 en 2018 (4.165 en total entre 2009 e 2018). Atención psicolóxica: 364 en 2009; 792 en 2018. (5.475 en total entre 2009 e 2018). Programas de inserción laboral dirixido a mulleres en situación de violencia de xénero: Participaron 833 mulleres

Na conciliación e corresponsabilidade: Superando a ratio recomendada en prazas de 0 a 3 anos, Bono coidado, Bono concilia, máis deducións fiscais,...

Ou na presenza da muller na ciencia: II Programa galego de Muller e Ciencia.

### CONCILIACIÓN



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fradesdioruna.es

Nos últimos dez anos, Galicia duplicou (máis concretamente, incrementou nun 97%) o número de prazas públicas de escola infantil á disposición das familias con fillos. Na actualidade, contamos con máis de 25.000 prazas públicas para coidar a nenas e nenos de 0 a 3 anos. Isto supón que a ratio de cobertura ascende ao 44%, once puntos por riba da mínima recomendada pola Unión Europea.

	2009	2019
Prazas públicas en escolas infantís	12.700	25.000
Ratio de cobertura	21%	44%

Nesta lexislatura creáronse as casas niño, que levaron posibilidades de conciliación a lugares onde antes non as tiñan. En 2019 hai só 36 concellos que non teñen nin escola infantil nin ningún outro centro semellante, mentres que en 2009 eran tres veces máis.”

O voceiro do PSOE mostra a súa conformidade coa moción presentada sinalando que a emigración segue sendo un problema actual e que os retornados son na súa maior parte xubilados

Votacións:

Votos a favor: 4

3 PSOE

1 BNG

Votos en contra: 7

7 PP

Abstencións: 0

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Non aprobada

## 2. MOCIÓN DO PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A MELLORAR O SERVIZO DE PEDIATRÍA

O Voceiro do PSOE procede a dar lectura da moción presentada co teor literal seguinte

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Frades de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre a política do Goberno galego en relación ó servizo de pediatría.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

*Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.*

*Noutros centros, a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo máis de:*

*Manifesta falta de compromiso do goberno galego co rural da nosa provincia.*

*Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.*

*Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.*

*O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.*

*Existen diversos problemas que recrúan o problema da ausencia de profesionais de pediatría:*

*Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa*

*Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais*

*Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.*

*O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.*

*É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un proposta común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para cidadanía.*

*É o caso do Concello de Frades, que dende hai tempo, ten que desprazar ás súas pequenas e pequenos ao Centro de Saúde de Ordes situado a 18 km do Concello, ou do contrario ser atendido polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo.*

*Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:*

*Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

*Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.*

*Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.*

*4. Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.*

*Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.”*

O Alcalde resposta que no caso do Concello de Frades non existe cambio respecto a outros anos, polo que non debería existir polémica, hai dous pediatras para Ordes, Frades e Mesía, vindo un deles unha vez a semana a Frades, estando outro fixo en Ordes, a moción presentada ten sentido noutros Concellos, pero non neste e procede a ler contestación co seguinte teor literal, “*É sobradamente coñecido que en Galicia, e no resto de España, existe un déficit de pediatras. España é un dos poucos países en Europa que aposta pola Pediatría en Atención Primaria, e Galicia, dentro do contexto nacional, é unha das comunidades con maior taxa de cobertura pediátrica, próxima ao 90%.*

*A comunidade galega é unha das autonomías con maior taxa de cobertura pediátrica, próxima ao 90%, é dicir, que preto de 9 de cada 10 prazas de pediatría en Atención Primaria están cubertas por especialistas. Noutras comunidades como Madrid, Extremadura, Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía e Canarias a cobertura pediátrica roza o 70%; en Baleares é do 50% e en Castela A Mancha, do 58%, sendo os encargados da atención pediátrica os médicos de familia, formados para dar unha atención segura e de calidade.*

*Na sanidade pública galega dispoñemos dos recursos necesarios para unha axeitada cobertura asistencial, se ben é evidente que a situación de "paro case 0" en medicina familiar e comunitaria, ou "paro 0" en pediatría, que afecta a todas as Comunidades Autónomas nestes momentos, representa unha grande dificultade, e imposibilita a cobertura de todas as ausencias dos titulares, aos que temos que agradecerlles o esforzo para garantir a excelente calidade asistencial que dispensamos.*

*Non hai dúbida de que dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da ausencia de persoal substituto e dunha viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.*

*Dende a Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde adoptáronse distintas medidas para poder solucionar este déficit como:*

*Convocatorias anuais de OPES, nas que se priorizaron as categorías propias do primeiro nivel asistencial, como médico de familia, pediatra de atención primaria e especialista en enfermaría familiar e comunitaria.*

*No ano 2016 convocáronse 10 prazas de Pediatría en Atención Primaria e 9 de Facultativo especialista de áreas. No ano 2017: 4 prazas de enfermaría especialista en pediatría. E na oferta do 2018, hai 58 prazas de*



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

---

pediatría de atención primaria, 27 de facultativo especialista de área e 4 de enfermería especialista en atención pediátrica. Na OPE de 2019 hai 35 prazas de pediatría de atención primaria, 6 de facultativo especialista de área e 10 de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica. Fomos unha comunidade pioneira na dotación de prazas de enfermaría especialista.

A tal fin responde a aprobación do Decreto 81/2016, de 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista. Esta nova categoría abarca as especialidades contempladas na normativa estatal, isto é, a especialidade de enfermaría familiar e comunitaria; a de saúde mental; a do traballo; a de pediatría; a de xeriatria; e a especialidade de coidados médicos-cirúrxicos.

A prórroga da idade de xubilación, que desde o ano 2015, 116 médicos de familia e 20 pediatras en atención primaria se acolleron a esta prórroga.

O concurso de traslados aberto en permanente.

Estabilidade. O 88% da plantilla estrutural do Servizo Galego de Saúde ten carácter estable. O 86% do persoal facultativo é estable. Máis en concreto, o 96% dos médicos de familia son estables, e os pediatras acadan o 100%.

Galicia logrou o maior incremento de prazas MIR acreditadas dos últimos dez anos na especialidade de pediatría, elevando un 35% a súa capacidade docente nesta especialidade (pasando de 20 a 27), polo que cada ano poderán formarse 7 pediatras máis por curso nos hospitais da rede pública galega.

Tamén se iniciou un proceso, o máis participativo posible en atención primaria, que non conta con antecedentes na nosa Comunidade e posiblemente en ningunha outra. A través deste proceso elaborouse O Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 que foi aprobado o 16 de maio de 2019 polo Consello da Xunta.

<https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/gal/Publicaciones/Docs/AtPrimaria/PDF-2760-ga.pdf>

As medidas a adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos: as Administracións públicas, os profesionais e a cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Imponse o diálogo e as decisións compartidas.

Non todas as medidas corresponden á Administración Autonómica, necesitamos do Goberno Central e doutras administracións.”

O membro do grupo municipal do PSOE, Don Aurelio, sinala que Frades estivo sen pediatra o mes de decembro e 17 días en xaneiro.

O Alcalde reposta que se debe as vacacións dos pediatras e que non hai pediatras para cubrir tódalas vacacións, pero que de todos modos existe un punto de emerxencia en Ordes.

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade coa moción presentada, sinalando que o problema co servizo de pediatría é un problema real e debe ser afrontado.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fradesdioruna.es

Votacións:

Votos a favor: 4

3 PSOE

1 BNG

Votos en contra: 7

7 PP

Abstencións: 0

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Non aprobada

### **5.-ASUNTO: INFORMES.**

#### **1. Reunión con Presidente da Deputación**

O Alcalde informa que se solicitou unha reunión co Presidente da Deputación da Coruña o pasado 10 de xaneiro de 2020 con motivo da senda peonil que vai dende Pontecarreira e Aiazo

#### **2. Reunión co responsable de Fomento**

O Alcalde informa que se solicitou unha reunión co responsable de Pontecarreira o pasado 30 de decembro do 2019 con motivo da senda de Pontecarreira

### **6.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS**

- O voceiro do BNG pregunta se as instalacións relativas ao campo de fútbol de Abellá están sendo utilizadas por equipos que non pertencen ao Concello de Frades.

O Alcalde resposta que se lle deixaron as instalacións ao equipo de Poulo en coordinación co equipo de Abellá, mostrando este último a súa conformidade e de xeito gratuito, xa que cando o equipo de Abellá necesitou de campo no verán o Concello de Ordes deixoullo, polo que debe actuarse con reciprocidade.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:30 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria-Interventora que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Asdo.: Roberto Rey Martínez